

**Bases para a selección do persoal laboral temporal e a xestión  
das listas de contratación na Entidade Redes de  
Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.**

**(Expdte.: RET-BT-2019\_II)**

## 1. Antecedentes.

A sociedade mercantil pública autonómica **Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.**, (RETEGAL) foi creada por Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da Xunta de Galicia, tendo por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

O seu capital social é integramente de titularidade pública, para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así as cousas, RETEGAL constitúe unha das entidades que integran o sector público autonómico, de conformidade co establecido no artigo 3º da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), estando suxeita en materia de contratación de persoal ao disposto nesta norma.

En relación á selección do seu persoal, RETEGAL está sometida ás disposicións da lexislación galega sobre emprego público relativas a composición e funcionamento dos tribunais ou comisións de selección, bases das convocatorias e probas de selección, tal e como establece o artigo 110º.b) da LOFAXGA.

O apartado c) do mesmo artigo, establece que as sociedades mercantís públicas autonómicas poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, logo da convocatoria mediante anuncio público e da designación dunha comisión de selección. A selección deste persoal realizarase entre as persoas incluídas nas listas da Administración autonómica ou, de ser o caso, a través dos servizos públicos de emprego. Alternativamente, as sociedades mercantís autonómicas poderán, excepcionalmente, acollerse a un sistema de listas previo por categorías, contando coa autorización do centro directivo competente en materia de función pública e logo da negociación coas organizacións sindicais representativas no ámbito da función pública.

Por todo e exposto, aos efectos de facilitar e axilizar a xestión e selección do persoal temporal que a sociedade poida necesitar para a realización da súa actividade, é polo que procede dotarse dun sistema propio de listas, con base no previsto no artigo, 110º.c) da Lei 16/2010.

Ademais, RETEGAL tamén estará sometida ao acordado no Convenio Colectivo de aplicación e vixente en cada momento.

As presentes bases teñen por obxecto regular os aspectos xerais que rexerán as convocatorias, as bases específicas, e os procedementos para a selección de persoal temporal.

## 2. Sistema de Listas

A selección do persoal temporal a contratar realizarase, logo da correspondente convocatoria pública, mediante a elaboración de listas previas de contratación temporal por categorías, a través dun sistema de listas en que a orde de prelación virá determinada

pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 9, tendo en conta que deberá superarse a puntuación mínima que se determina no devandito precepto.

Para a cobertura destes postos, a modalidades contractuais serán as previstas no RD 2720/1998, do 18 de decembro.

Os integrantes das listas previas por categoría conformarán as bolsas de emprego temporal de Retegal (BET-OC, BET-OCCE e BET-CE)

### **3. Requisitos dos candidatos**

Os candidatos para ser admitidos deberán posuír, á data de presentación da solicitude de inclusión nas listas previas de contratación e manter ata o momento de formalización do contrato de traballo que puidese corresponderlle, os seguintes requisitos:

#### **3.1. Nacionalidade**

Ter nacionalidade española, ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de idade dependentes. Así mesmo, poderán participar os estranxeiros con residencia legal en España.

#### **3.2. Idade**

Ter cumpridos os 16 anos de idade.

#### **3.3. Titulación**

Estar en posesión da titulación académica requirida para a categoría profesional á que se opte. As titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír a correspondente homologación. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

#### **3.4. Capacidade funcional**

Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

#### **3.5. Habilitación**

Non ser separado do servizo de RETEGAL ou de calquera administración pública mediante expediente disciplinario, nin acharse inhabilitado para o desempeño de

empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente.

### **3.6. Permiso ou licenza de condución**

Para as bolsas de traballo é imprescindible estar en posesión do permiso de conducir tipo “B”.

### **3.7. Coñecemento do idioma galego**

O coñecemento do idioma acreditarase mediante diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

### **3.8. Reserva a discapitados**

Nos postos de traballo, farase unha reserva dunha cota non inferior ao 5% das prazas convocadas, sempre que isto fóra posible en función do número de prazas, para ser cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao 33%, sempre que acrediten, no seu momento, o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Naqueles supostos nos que as prazas reservadas á quenda de discapitados non sexan cubertas, pasarán a integrarse ás restante prazas.

## **4. Publicidade**

As presentes bases así como as distintas convocatorias publicaranse no Diario Oficial de Galicia segundo o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no taboleiro de anuncios da sociedade e na páxina web de RETEGAL ([www.retegal.gal](http://www.retegal.gal)).

## **5. Comisión Permanente.**

Constituirase unha Comisión Permanente como órgano colexiado encargado da elaboración, control e funcionamento das listas.

### **A composición da Comisión será a seguinte:**

Segundo o establecido no Artigo 21 do Convenio Colectivo de RETEGAL para a Selección de persoal non fixo de RETEGAL, *“participarán na citada selección tres persoas designadas pola Dirección e dous traballadores/as elixidos polos representantes dos traballadores, con voz e voto.”*

Para a súa composición estarase ao disposto no artigo 46 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que derogou a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

- Presidente/a: O Director/a Técnico/a de RETEGAL ou persoa en quen delegue.

- 3 vogais designados polo órgano competente de RETEGAL, segundo o establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.
- Secretario/a (con voz e voto): Titular do departamento competente en materia de persoal ou persoa en quen delegue.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

As competencias da Comisión son as seguintes:

- a) Elaborar as listas, mediante a valoración dos criterios establecidos nos baremos correspondentes a cada convocatoria/categoría.
- b) Proponer á Dirección a adxudicación das vacantes.
- c) Realizar as actualizacións e elevalas á Dirección Xerencia para a súa publicación.
- d) Resolver as cuestións derivadas da interpretación desta regulación e funcionamento.
- e) Adoptar cantos acordos e decisións esixa o funcionamento das listas.
- f) Resolver as solicitudes e reclamacións presentadas en relación co funcionamento e xestión das listas.

As decisións da Comisión tomaranse por maioría simple. Os empates decidiranse co voto de calidade do Presidente.

A Comisión poderá solicitar da Dirección a incorporación ao seus traballo de asesores especialistas para as **valoracións**. Estes asesores limitaranse ao ditame ou colaboración técnica.

A Comisión terá a súa sede en Edificio de Usos Múltiples, Bando - San Marcos – 15820, Santiago de Compostela- A Coruña, e resúltanlle de aplicación as instrucións sobre o funcionamento e actuación dos Órganos de Selección da dirección xeral da Función Pública da Xunta de Galicia de 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 08 de abril de 2010, así como as normas previstas no Título I da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## 6. Solicitudes

Para seren admitidos nalgunha das listas previas das convocatorias que se publiquen, os candidatos deberán presentar a solicitude de incorporación ao proceso selectivo conforme ao modelo que se publica coas presentes bases (**Anexo I**), indicando a lista, ou listas, nas que pretende ser admitido.

### 6.1. Documentación que debe acompañar

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou pasaporte, autorización de residencia e traballo ou documento equivalente.
- b) Fotocopia cotexada do título esixido na bases, ou certificación académica, que acredite ter superados os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite estar en posesión do título académico.
- c) Certificado de vida laboral.
- d) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de RETEGAL ou de calquera das administracións públicas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial
- e) Fotocopia cotexada de certificado médico oficial ou informe de saúde asinado polo profesional médico de referencia de atención primaria no que se acredite non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría á que se opte. O certificado non será admitido de ser expedido cunha antelación de tres meses antes á data de presentación da solicitude.
- f) Fotocopia cotexada do permiso ou licenza de condución tipo B.
- g) Documentación cotexada acreditativa dos méritos alegados.
- h) Fotocopia cotexada do diploma, certificado ou curso homologado, polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia que acredite o coñecemento do idioma galego, mediante o certificado de lingua galega (CELGA) no grao correspondente segundo o requisito establecido para cada lista.
- i) Os candidatos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% deberán presentar fotocopia cotexada do certificado ou resolución expedido polo órgano competente.
- j) Aquelas outras que se requiran nas bases específicas.

## 6.2. Lugar e prazo para a presentación das solicitudes

A presentación das solicitudes realizarase segundo o establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou, en todo caso, no rexistro de RETEGAL sito en Edificio de Usos Múltiples, Bando - San Marcos – 15820, Santiago de Compostela- A Coruña (aberto de 09:00h a 14:00h de luns a venres).

Non obstante o disposto no punto anterior, poderanse presentar a través de correo certificado nas oficinas do Organismo Estatal de Correos, debendo neste caso e **no mesmo día de presentación da solicitude**, remitir mediante fax (981546758) ou por correo electrónico ([contratacion@retegal.gal](mailto:contratacion@retegal.gal)) a acreditación da devandita presentación. As acreditacións recibidas unha vez rematado o prazo correspondente á

convocatoria consideraranse, a todos os efectos, como solicitudes fóra de prazo. O establecido neste apartado para o envío de solicitudes por correo, é de aplicación á presentación en calquera **outro Rexistro** que non sexa o de RETEGAL.

## 7. Admisión de candidatos

### 7.1. Lista provisional de admitidos e excluídos

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Comisión constituída ao efecto realizará a proposta provisional de admitidos e excluídos ao Director Xerente.

Mediante resolucións do Director Xerente, aprobaranse provisionalmente as listas de admitidos e excluídos, que serán publicadas na páxina web de RETEGAL ([www.retegal.gal](http://www.retegal.gal)), outorgando un prazo de cinco días hábiles para a presentación de alegacións ou emenda da/s causa/s de exclusión. No caso dos candidatos excluídos especificarase a causa de exclusión.

### 7.2. Lista definitiva de admitidos e excluídos

Transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución provisional, o director xerente resolverá motivadamente as reclamacións efectuadas. A estimación ou desestimación das reclamacións ou emendas entenderase implícita na resolución do órgano de contratación pola que se aproben e se fagan públicas as listas definitivas de candidatos admitidos e excluídos.

Se transcorrese o devandito prazo sen que se formule reclamación algunha, a lista elevarase a definitiva automaticamente sen necesidade de nova resolución nin publicación.

## 8. Baremo.

Valoraranse, cun máximo de 100 puntos, os seguintes méritos, que deberán posuírse á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- **Experiencia Profesional (máximo 60 puntos):** Por cada mes completo de 30 días de servizos prestados na mesma categoría, corpo ou escala:
  - 0,75 puntos no sector público.
  - 0,40 puntos no sector privado.

A experiencia profesional na categoría profesional correspondente acreditarase por medio do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

A experiencia profesional polo tempo traballado en RETEGAL non será necesario acreditarla documentalmente, correspondéndolle a esta a súa valoración de oficio.

En todo caso só se terá en conta a experiencia profesional que o solicitante acredite ata o último día do mes inmediato anterior á data de presentación das solicitudes.

➤ **Méritos formativos (máximo 40 puntos)**

a) Formación regrada no ámbito das telecomunicacións ou directamente relacionados coas funcións das prazas a cubrir. Máximo 15 puntos.

- Ciclo formativo de grao superior ou equivalente: 5 puntos.
- Grao universitario ou equivalente: 10 puntos.
- Mestrado universitario ou equivalente: 15 puntos

Non se valorará de forma acumulativa nin a formación esixida para cada categoría.

b) Formación non regrada. Máximo 25 puntos

Pola participación como alumno en cursos de formación ou perfeccionamento convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais de formación e/ou axentes sociais que estean directamente relacionados coas funcións das prazas a cubrir, coa seguinte valoración por cada curso:

- De 11 a 40 horas: 0,50 puntos.
- De 41 a 60 horas: 0,75 puntos.
- De 61 a 90 horas: 1 punto.
- De 91 a 120 horas: 1,25 puntos.
- De 121 a 300 horas: 2 puntos.
- De 301 a 600 horas: 5 puntos.
- De 601 horas en diante: 7 puntos.
- En caso de non indicarse a duración do curso, valorarase con 0,10 puntos.

A puntuación final dos candidatos virá dada pola suma da totalidade das puntuacións obtidas no conxunto dos méritos acreditados.

Será preciso acreditar a realización dos cursos mediante a presentación do certificado e/ou diploma acreditativo, no que se reflicta o contido programático e temporal dos mesmos.



Unha vez determinada a orde de cualificación definitiva pola Comisión Permanente exporase a relación de aspirantes co nome e DNI (con asteriscos) na páxina web de Retegal ([www.retegal.gal](http://www.retegal.gal)) indicando as cualificacións correspondentes, en orde de maior a menor puntuación acadada nesta última.

**Será requisito imprescindible para ser chamado e contratado que os aspirantes acaden o 50% dos puntos totais asignados á baremación de méritos. Os aspirantes que cumpran dito requisito pasarán a integrar, na mesma orde, a Bolsa de Emprego Temporal.**

## 9. Desempate.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino, cando na categoría, corpo ou escala se dean as condicións de infrarrepresentación previstas no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
2. Puntuación pola orde das letras do baremo (Experiencia Profesional)
3. Solicitante de maior idade.

## 10. Chamamentos

Unha vez xerada a necesidade de contratación temporal de persoal, ofertaranse as vacantes ás persoas incluídas na correspondente lista de contratación, pola súa orde de puntuación.

Non procederá o chamamento daqueles candidatos que se atopen en activo en RETEGAL **como consecuencia de ter atendido un chamamento anterior**, salvo que se trate dun chamamento de longa duración, entendendo como tal o contrato de duración previsible igual ou superior a 1 mes, suposto no que se seguirá a orde de prelación na lista incluíndo aos aspirantes contratadas cun contrato que non sexa de longa duración.

A relación de aspirantes seleccionados para cada categoría profesional terá carácter de listaxe por orde de prelación, comezando o chamamento polo que ocupe o primeiro lugar da mesma.

Os integrantes das listas non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nas listas ata que se xere o dereito á prestación de emprego, de tal xeito que se a contratación ou nomeamento para a que son chamados ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

Finalizada a contratación, a/o interesada/o pasará a ocupar o último lugar na lista durante catro meses se se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado dito período volverá automaticamente ao lugar da lista que, dacordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os aspirantes seleccionados están obrigados a manter en todo momento actualizados os datos de contacto que permitan a súa localización, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante a comunicación da modificación dos datos de contacto establecidos ao efecto.

No caso de que non se localizase ao aspirante, ou sendo citado de forma adecuada non se presentase no día e lugar indicados, ofertarase a contratación ao aspirante que ocupe o seguinte posto na relación, e así sucesivamente, ata a cobertura da praza autorizada.

O chamamento realizarase a través do medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción. Preferiblemente realizarase a través da dirección de correo electrónico e/ou mediante SMS con acuse de recibo.

De non ser contestado o intento de comunicación (polo medio que sexa) nun prazo de 24 horas, terase por intentado o chamamento sen éxito, pasando o dito candidato a ocupar o último lugar na orde de prelación da bolsa, salvo causa xustificada

Nas contratacións de carácter urxente, nas que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, realizaranse dúas chamadas nun intervalo de media hora, en calquera momento do día. Se realizadas estas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde que corresponda.

Para a realización de chamamentos de carácter urxente contarase coa presenza de polo menos un dos Representantes dos Traballadores.

## **11. Agotamento da Lista.**

Non obstante, no suposto de non poderse cubrirse as prazas ofertadas por falta de candidatos nas listas previas por categorías profesionais, RETEGAL poderá realizar a solicitude de 3 aspirantes, por categoría a ofertar, ao servizo público de emprego de Galicia. A partir da relación de aspirantes facilitada, realizarase un proceso selectivo en idénticos termos e coas mesmas garantías que na selección de persoal temporal efectuada en virtude de anuncio público.

Sen prexuízo do anterior, Retegal poderá abrir as listas cando considere necesario ampliar o número de candidatos, realizando o correspondente anuncio público e realizando a correspondente convocatoria nos termos establecidos na presente.

A apertura de listas anunciarase a través de convocatoria pública por medio de páxina web de RETEGAL e anuncio nun diario de difusión xeral e D.O.G., momento no que se

poderán presentar novas solicitudes polos novos candidatos, así como, documentación acreditativa dos novos méritos alegados polos xa integrantes das listas previas por categorías.

## **12. Renuncias e Penalizacións.**

Os candidatos incluídos nas listas de contratación que sendo chamados para unha efectiva contratación, non se presentaran ou renunciaran ao chamamento, quedarán excluídas dos chamamentos durante un ano, que se contará a partir da data do feito causante da exclusión.

Igual consecuencia terá a renuncia a continuar no posto de traballo, agás que fose para atender a outro chamamento para outra categoría profesional.

A persoa excluída que queira voltar a formar parte da lista poderá solicitar a súa reincorporación. A solicitude de reincorporación presentada durante o período de penalización producirá efectos transcorrido o prazo dun ano. Se a solicitude se presenta con posterioridade ao remate do período de penalización, producirá efectos aos 10 días dende a súa entrada no Rexistro de RETEGAL.

Exceptúase do disposto no presente precepto, as renuncias ou faltas de presentación xustificadas nos termos descritos no artigo seguinte deste regulamento.

## **13. Causas de exclusión da lista de contratación**

A exclusión dun aspirante da lista de contratación producirase por algún dos seguintes supostos:

- a. Solicitude expresa.
- d. Non superación do período de proba. A Comisión permanente poderá, de xeito motivado, excluír da lista a un candidato que, logo das 5 primeiras contratacións derivadas dos correspondentes chamamentos, non realizara a satisfacción de RETEGAL as funcións correspondentes a cada categoría en concreto, segundo a lexislación vixente en cada momento e o establecido no Convenio Colectivo de aplicación vixente en cada momento (Réxime disciplinario, etc.).
- e. Por ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como moi grave no convenio colectivo de RETEGAL.

A estes efectos enténdese como causa xustificativa do rexeitamento da oferta ou da falta de incorporación por algún dos seguintes motivos:

- a. Enfermidade do candidato que lle impida o desempeño do posto de traballo, sempre que sexan debidamente acreditadas mediante certificado médico emitido por facultativo do sistema público de saúde.

- b. Maternidade ou paternidade, adopción ou acollemento legal, parto inminente ou embarazo de risco dentro do período legalmente establecido para o gozar dos permisos debido ás devanditas situacións,.
- c. Por atoparse en permiso por matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditados mediante documento público.
- d. Falecemento ou hospitalización de familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- e. Por asistencia, debidamente xustificada, a cursos académicos oficiais.
- f. Por estar contratado/a no momento do chamamento noutra administración ou empresa ou ter previsto un contrato de maior duración no período que se lle ofertase.
- g. Alta no réxime de autónomos.
- h. Circunstancias persoais graves, que sexan debidamente acreditadas, non previsibles, que tivesen lugar nun período non superior aos tres días hábiles anteriores á data na que se realiza a oferta ou se produce a incorporación.
- i. O interesado poderá rexeitar un chamamento, e só un, de forma fiable, no suposto de que o centro de traballo estea a unha distancia de 50 quilómetros ou superior do seu domicilio. Neste caso, non se volverán producir chamamentos para o referido centro en tanto en canto o interesado non o solicite por escrito a RETEGAL. Se se realiza a solicitude, non se volverá a aceptar outro rexeitamento por razón de distancia durante o período dun ano a contar dende o día seguinte á data da solicitude.
- j. As persoas con discapacidade poderán renunciar ao posto que ocupan cando a súa discapacidade impida ou limite substancialmente o desempeño das tarefas encomendadas sen penalización algunha.
- k. Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Comisión.

## **14. Suspensión de chamamentos**

### **a. De oficio**

A aceptación dun chamamento para unha categoría suporá a suspensión dos chamamentos para listas correspondentes a outras categorías, coa excepción prevista no artigo 10 para atender a chamamentos de longa duración ou no suposto de que o cambio de categoría supoña mellora de emprego do traballador.

O traballador que tras un único contrato de traballo xere dereito á prestación por desemprego quedará en suspenso nos seguintes chamamentos para ser contratado das listas de contratación nas que estea incluído ata que transcorra o período de tempo no que se atope en prestación por desemprego e, transcorrido o dito prazo, o traballador

queda obrigado a solicitar o alzamento da suspensión que lle afecta aos efectos recuperar a orde de prelación que nese momento lle poida corresponder nas listas de contratación correspondentes.

O traballador que tras varios contratos de traballo de duración inferior a un ano xere dereito a prestación por desemprego quedará en suspenso nos respectivos chamamentos para ser contratado das listas de contratación ata que transcorra o período de tempo no que se atope en prestación por desemprego, e transcorrido o dito prazo, o traballador queda obrigado a solicitar o alzamento da suspensión que lle afecta aos efectos recuperar a orde de prelación que nese momento lle poida corresponder nas listas de contratación correspondentes.

**b. Por solicitude do/a interesado/a**

Os integrantes das listas que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión de chamamentos para non ser citados ou ben a exclusión definitiva da lista. Esta solicitude é irrenunciábel e producirá efectos aos TRES DÍAS naturais da súa presentación no Rexistro de RETEGAL, e terá efectos suspensivos nas citacións en todas as listas en que estea inscrito o solicitante, se as houbera.

A suspensión poderá solicitarse por períodos de 3, 6 ou 12 meses.

Calquera citación recibida antes de ser efectiva a suspensión ou exclusión deberá ser atendida polo interesado xa que en caso contrario quedará suspendido ou excluído da lista.

Deberá solicitarse a suspensión de chamamentos nos supostos establecidos no apartado anterior como causa xustificativa de rexeitamento dunha oferta.

**15. Publicidade**

A suspensión nos chamamentos e as reposicións nas listas darán lugar a unha actualización inmediata das listas que serán publicadas cada dous meses.

Así mesmo, e coa finalidade de que os aspirantes poidan consultar tanto a súa posición como o estado da contratación temporal, as listas serán publicadas na páxina web de RETEGAL e actualizadas cada dous meses.

**16 Vixencia do sistema de listas**

O sistema de listas previsto neste regulamento, terá unha vixencia de 5 anos, tendo en conta a posibilidade de actualización que se prevé nas presentes bases.

**15. Protección de datos**

Os datos persoais que se faciliten polos candidatos para formar parte da lista de emprego temporal, así como nos diferentes procesos de selección convocados por

RETEGAL, serán incorporados nun ficheiro cuxo titular é Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (RETEGAL), con domicilio en Bando – San Marcos, Edificio Multiusos s/n, 15.820 Santiago de Compostela (A Coruña) e correo electrónico [rxpd@retegal.gal](mailto:rxpd@retegal.gal).

A participación nos procesos de selección de persoal e creación da bolsa de emprego de RETEGAL, supoñerá que os candidatos autorizan o tratamento dos seus datos, coa finalidade de poder avaliar os currículos recibidos, incorporar os datos persoais necesarios na bolsa de emprego, así como tratalos coa finalidade de xestionar e manter a referida bolsa de emprego, conforme ás presentes bases reguladoras.

Os datos dos candidatos, manteranse durante os prazos que se describen na cláusula anterior, salvo que o propio interesado solicite a súa baixa voluntaria ou que incorra nalgunhas das causas de exclusión que se enumeran na cláusula sexta das presentes bases de regulación e funcionamento das bolsas de emprego temporal.

Os datos de carácter persoal dos candidatos poderán ser comunicados, cando así o dispoña unha norma con rango de Lei, así como a través da páxina web de RETEGAL, na que se publicará a lista actualizada os candidatos, conforme se establece na cláusula oitava.

Os candidatos que desexen exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, así como a revogación do seu consentimento, deberán enviar un escrito con copia do seu DNI á dirección arriba indicada.

### **Disposición Transitoria.**

As listas vixentes con anterioridade ás confeccionadas con arranxo ao presente regulamento, manteranse como lista principal, a efectos de chamamentos ata o seu esgotamento e durante un período máximo de 5 anos, a contar dende a publicación definitiva das listas contidas no presente regulamento, tralo que pasarán a ser substituídas definitivamente por estas últimas.

Santiago de Compostela, a 31 de marzo de 2021

Miguel Rodríguez Quelle  
Director Xerente

## SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN NAS LISTAS DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAIS

\*Os campos marcados cun asterisco son obrigatorios

<b>I. REFERENCIA Á/S BOLSA/S DE EMPREGO TEMPORAL Á/S QUE OPTA</b>			
<b>BET-OC</b>	<b>BET-OCCE</b>	<b>BET-TE</b>	
<b>II. IDENTIFICACIÓN DO INTERESADO</b>			
Primeiro apelido*:		NIF/NIE:	
Segundo apelido*:		Teléfono:	
Nome/Razón social*:			
DECLARACIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: As comunicacións e notificacións que RETEGAL lle envíe en relación co expediente que tramita realizaranse por vía telemática a través do seu correo electrónico e/ou telefonicamente.			
<b>II.A. POR CORREO ELECTRÓNICO</b>	<b>I.A. Comunicación por correo electrónico</b>		
	<i>Correo electrónico</i> * :		
<b>II.B. POR CORREO POSTAL</b>	<b>I.B. Comunicación por dirección postal:</b>		
	Rúa, praza, avenida:	Número:	Andar: Porta, escaleira:
	Municipio:	Provincia:	
	País:	Código Postal:	
<b>III. TITULACIÓN</b>			
<b>IV. DOCUMENTACIÓN</b>			
NO CASO DE QUE DESEXE AXUNTAR ALGÚN DOCUMENTO, ESPECIFIQUE CAL:			

DECLARO: baixo a miña responsabilidade, que son certos e comprobables os datos consignados no presente formulario. Así mesmo, confirmo que lín e acepto as bases reguladoras da lista de emprego temporal e autorizo o tratamento dos meus datos persoais conforme se establece nas mesmas.

Asdo.:

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

## CATEGORÍAS E DESCRICIÓN DE POSTOS

### **1. BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE OFICIAL DE COMUNICACIÓNS DO CEXAR**

(Referencia: BET-OC)

#### **DESCRICIÓN DO POSTO E REQUISITOS**

- **Nivel:** 5
- **Grupo:** Técnico
- **Denominación:** Oficial de comunicacións.
- **Posto de traballo:** CEXAR (Instalacións de San Marcos. Santiago de Compostela)
- **Titulación mínima:** Ciclo medio en instalacións de telecomunicacións ou equivalente.
- **Formación non regrada:**
  - Valoraranse cursos relacionados coa Prevención de Riscos Laborais, en especial de Ergonomía e CAE, de ofimática, de atención telefónica, de electrónica, de electricidade, de equipos informáticos (PC's), de enrutadores e conmutadores, de concentración e de xestión do tempo.
- **Coñecementos:**
  - o Idioma galego (certificado oficial da Xunta de Galicia acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega - Celga 3 ou equivalente).
- **Funcións e tarefas especiais:**
  - Desenvolve tarefas sinxelas ou auxiliares dentro das correspondentes ao grupo profesional, cos coñecementos e destrezas necesarias para o desenvolvemento do seu traballo en tarefas como:
    1. Vixilancia de alarmas dos diferentes sistemas xestores de alarmas.
    2. Atención telefónica, rexistro, reporte, xestión e comunicación de incidencias.
    3. Rexistro e xestión de accesos.
    4. Rexistro e xestión de tarefas de mantemento preventivo e traballos programados.
- **Condicións especiais de traballo:**
  - Traballo a quendas para cubrir 24x7x365.
- **Imprescindible carné de conducir tipo "B".**

### **2. BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE OFICIAL DE COMUNICACIÓNS DE CENTROS EMISORES**

(Referencia: BET-OCCE)



## DESCRINCIÓN DO POSTO E REQUISITOS

**Nivel:** 5

**Grupo:** Técnico

**Denominación:** Oficial de comunicacións

**Posto de traballo:** CENTROS EMISORES:

- O Pedroso-San Marcos (Santiago de Compostela. A Coruña).
- Bailadora (Montefaro, s/n. Ares- A Coruña).
- Domaio (Monte Xaxán, s/n, Domaio. Moaña- Pontevedra).
- Xistral (Muras. Lugo).
- Páramo (Monte Páramo, s/n, Friol. O Páramo- Lugo).
- Meda (Monte Meda, s/n. Montederramo. Ourense)

**Titulación mínima:** Ciclo medio en instalacións de telecomunicacións ou equivalente.

**Formación non regrada:**

- Valoraranse cursos relacionados coa Prevención de Riscos Laborais, en especial de Ergonomía e CAE, de ofimática, de traballos en alturas, de electrónica, de electricidade, de equipos informáticos (PC's), de enrutadores e conmutadores, de conducción 4x4, de equipos de comunicación óptica, de ondas de radio, de certificación de estacións radioelétricas, de infraestruturas de comunicación.

**Coñecementos:**

- o Idioma galego (Celga 3 ou equivalente)

**Funcións e tarefas especiais:**

Desenvolve as tarefas correspondentes ao grupo profesional, cos coñecementos e destrezas necesarias para o desenvolvemento do seu traballo, en especial nas tarefas seguintes:

- Tarefas de operación e mantemento de equipamento técnico de rede (DWDM, MPLS, TDT, FM, TETRA, Radioenlaces, etc.) e infraestruturas (torres, casetas, acometidas, etc.), tanto "in situ" como en remoto.
  - Explotación da rede de telecomunicacións de Retegal.
  - Reformulo e supervisión de instalacións.
- **Condicións especiais de traballo:**  
Traballo a quendas con realización de gardas, no seu caso.
- **Imprescindible carné de conducir tipo "B".**

### **3. BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DE TÉCNICO DE COMUNICACIÓN DE CENTROS EMISORES E DO CEXAR**

(Referencia: BET-TC)

## DESCRINCIÓN DO POSTO E REQUISITOS

**Nivel:** 4

**Grupo:** Técnico

**Denominación:** Técnico de comunicacións.

**Posto de traballo:**

a) CENTROS EMISORES:

- O Pedroso-San Marcos (Santiago de Compostela. A Coruña).
- Bailadora (Montefaro, s/n. Ares- A Coruña).
- Domaio (Monte Xaxán, s/n, Domaio. Moaña- Pontevedra).
- Xistral (Muras. Lugo).
- Páramo (Monte Páramo, s/n, Friol. O Páramo- Lugo).
- Meda (Monte Meda, s/n. Montederramo. Ourense)

b) CEXAR (Instalacións de San Marcos. Santiago de Compostela)

**Titulación mínima:** Ciclo superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos ou equivalente.

**Formación non regrada:**

- Valoraranse cursos relacionados coa Prevención de Riscos Laborais, en especial de Ergonomía e CAE, de ofimática, de electrónica, de electricidade, de equipos informáticos (PC's), de enrutadores e conmutadores, de conducción 4x4, de equipos de comunicación óptica, de ondas de radio, de certificación de estacións radioelétricas, de infraestruturas de comunicación.

**Coñecementos:**

- o Idioma galego (Celga 4 ou equivalente)

**Funcións e tarefas especiais:**

É o técnico especialista que desenvolve as tarefas correspondentes ao seu grupo profesional, e que requiren os coñecementos e destrezas necesarias para o desenvolvemento do seu traballo. Realiza tarefas complexas que requiren un alto grado de especialización en tarefas como:

- Tareas de operación e mantemento de equipamento técnico de rede (DWDM, MPLS, TDT, FM, TETRA, Radioenlaces, etc.) e infraestruturas (torres, casetas, acometidas, etc.), tanto "in situ" como en remoto.
  - Explotación da rede de telecomunicacións de Retegal.
  - Reformulo e supervisión de instalacións.
- **Condicións especiais de traballo:**  
Traballo a quendas con realización de gardas, no seu caso.
- **Imprescindible carné de conducir tipo "B".**

Asdo. o director Xerente

Miguel Rodríguez Quelle